

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ILLAS CÍES

CURSO: 5º INFANTIL

MATERIA: ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA
PERSOAL (CSMAP), ÁREA COÑECEMENTO CONTORNO (CC) E
ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN (LCR)

DATA: 5 MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (concreción curricular).

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES ESPECÍFICOS/ESTANDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS BÁSICAS
<p>Obx.CSMAP.</p> <p>*Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións</p>	<p>Cont.CSMAP</p> <p>*Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.</p>	<p>Crt.CSMAP</p> <p>*Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.</p>	<p>*Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza tronco e extremidades.</p>	CSIEE
<p>Obx.CSMAP.</p> <p>*Manifestar gradualmente a través dunha actuación máis segura, eficaz e autónoma no manexo de útiles, rutinas persoais de alimentación, vestido e aseo.</p>	<p>Cont.CSMAP</p> <p>*Exploración do medio recoñecendo as características das rutinas de alimentación, aseo e vestido.</p>	<p>Crt.CSMAP</p> <p>*Actuar de forma máis segura e autónoma nas rutinas de alimentación, vestido e aseo.</p>	<p>*Logra unha rutina persoal de alimentación, vestido e aseo.</p>	CSIEE

<p>Obx.CDC: *Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades.</p>	<p>Cont.CDC- *Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria. *Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.</p>	<p>Crt.CDC *Recoñecer algúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria. * Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos.</p>	<p>*Pode ordenar un conxunto de obxectos empregando un ou diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño...).</p> <p>*Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas (lados, forma)</p>	<p>CSC CMCT</p>
<p>Obx CDC *Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc .</p>	<p>Cont CDC *Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...</p>	<p>CrtCDC *Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.</p>	<p>*Resolve manipulativamente empregando os números en pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de cálculo sinxelas.</p> <p>*Escribe algúns números convencionalmente.</p>	<p>CMCT CAA CSIEE</p>

<p>Obx.LCER.</p> <p>* Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.</p>	<p>Cont.LCER</p> <p>*Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</p> <p>*Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.</p>	<p>Crt.LCER</p> <p>*Producir diferentes textos individualmente ou en grupo – con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...</p>	<p>*Recoñece que os signos escritos comunican e expresan información.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CSIEE</p>
<p>Obx.LCER.</p> <p>*Recoñecer e recrear o nome propio como primeiro elemento comunicativo escrito, comprendendo a súa necesidade e uso.</p>	<p>Cont.LCER</p> <p>*Identificación de palabras moi significativas e usuais (o seu nome e o dos compañeiros). *Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas.</p>	<p>Crt.LCER</p> <p>*Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.</p>	<p>*Recoñece o seu nome e o dos compañeiros/as</p>	<p>CCL</p>
<p>ObxLCER .</p> <p>*Facer uso de libros valorándoos como fonte de información e como fonte de pracer.</p>	<p>Cont.LCER</p> <p>*Introdución ao uso dos libros como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o</p>	<p>Crt.LCER</p> <p>*Utilizar os libros con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de</p>	<p>*Ten unha actitude activa ante a lectura.</p>	<p>CCL</p>

	coñecemento.	entretemento e gozo.		
Obx.LCER *Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas.	Cont.LCER *Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes, e das distintas técnicas.	Crt. LCER *Explorar as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais.	*Amosa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.	CCL CCEC CSIEE
Obx.LCER *Achegarse ó coñecemento e emprego das TIC- ordenadores, Internet, pantalla dixital, vídeo,..- como ferramentas de busca de información, de creación, expresión, comunicación e disfrute.	Cont.LCER * Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación. * Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación, documentais. *Achegamento ó uso do ordenador e a cámara fotográfica nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais.	Crt. LCER *Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	*Iniciouse no uso do teclado para a codificación. * Manexa con axuda o rato do ordenador. * Emprega con apoio as TIC para buscar información relacionada cos proxectos.	CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Para avaliar teremos en conta o observado no 1º e 2º trimestre, mediante a observación directa e sistemática e o observado neste terceiro trimestre a través da información e o material gráfico e visual aportado polas familias das tarefas e os traballos realizados durante este terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>O principal instrumento de recollida de información son as entrevistas persoais e charlas a través das titorías coas familias e o material gráfico aportado por elas sobre as tarefas realizadas (vídeos, fotos ou comentarios da súa realización). Non será necesario mandar fotografías de todos os traballos.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación dos ítems da terceira avaliación será o resultado de comparar os ítems da primeira coa segunda quedando sempre a valoración máis elevada, ademáis tamén se valorará positivamente a calidade e continuidade nas tarefas propostas neste terceiro trimestre para mellorar a cualificación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As propostas de actividades (4 ou 5 semanalmente) serán principalmente manipulativas, contos, manualidades, xogos motrices, e que empreguen materiais sinxelos que poidan ter na casa e sempre atendendo o benestar emocional do noso alumnado.
Metodoloxía (todos con conectividade)	<p>Metodoloxía baseada na aprendizaxe significativa dos alumnos/as, nas aprendizaxes globalizadoras e na importancia do xogo e na actividade física e mental.</p> <p>A longo do tempo de confinamento da segunda avaliación e o inicio deste terceiro trimestre contactouse con todas as familias para intentar determinar o estado e situación do alumnado. Todo o noso alumnado ten medios de conexión dixital pero agora mesmo comezan a ter dificultades para atopar materiais cos que facer as tarefas porque se lles están acabando. Ademais algúns comezan a estar desmotivados á hora de realizar as tarefas na casa.</p> <p>Ademais algunhas familias están atopando dificultades para poder facer as actividades por estar os dous proxenitores traballando ou teletraballando na casa.</p>
Materiais e recursos	<p>Materias funxibles (temperas, cartolinas, bolsas zip, ceras, rotuladores...) e que podan ter nas súas casas. Ademais de medios de conexión dixital como o ordenador, tablet ou móbil.</p> <p>Recursos: contos, cancións, vídeos, fotos... explicativos das diversas tarefas propostas semanais, a web do centro, o noso blog de infantil, os correos electrónicos e o Whatsapp.</p> <p>Ademais tamén contamos co asesoramento do equipo de orientación para propor actividades de estimulación da linguaxe oral e atención ás n.e.e.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Comunicacións periódicas coas familias a través do correo electrónico ou ABALAR Móbil. Comunicación directa co alumnado a través de Webex Meet e do envío de audios e vídeos por Whatsapp.
Publicidade	Publicación semanal na páxina web do centro e no blog de infantil.